



PLAN DIXITAL

C.P.R. RAIOLA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O centro CPR RAIOLA está integrado na escola infantil Raiola situado na Rúa Raiola nº 2 en Santiago de Compostela.

Foi creado por iniciativa popular da parroquia do Castiñeiriño, comezando a funcionar como escola infantil no ano 1973.

A titularidade do centro é da ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO XARDIN DE INFACIA RAIOLA.

Na actualidade Raiola é un centro educativo infantil que atende a nenos/as de idades comprendidas entre 1 e 6 anos. Para este curso 2021/2022 o 2º Ciclo de E. Infantil do CPR Raiola ten autorizadas e concertadas 3 unidades:

- 1 unidade de 3 anos con 24 alumnos/as, a cargo da titora. Patricia Louzao.
- 1 unidade de 4 anos con 19 alumnos/as, a cargo da titora Rita Iglesias.
- 1 unidade de 5 anos con 19 alumnos/as, a cargo da titora Irene Plaza.

Ademais das titoras de aula, cóntase con dúas mestras a tempo parcial para impartir as clases de lingua estranxeira: Inglés, Mar Allegue Pazos e, da asinatura de relixión católica, Maríá Dios.

O total de alumnado no 2ºCiclo da Educación Infantil é de 62 nenos/as. Xa que é o primeiro contacto que ten o neno/a cunha institución escolar inténtase que non sexa unha ruptura co medio familiar do que procede, ofertando a os/as nenos/as unha serie de experiencias óptimas para o seu desenvolvemento integral de maneira que se sinta querido, valorado e aceptado, tanto polos seus compañeiros e compañeiras como polos adultos que o rodean.

1.2- Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O nivel socioeconómico da maioría das familias ás que RAIOLA presta os seus servizos é medio. Maioritariamente son familias de tipo tradicional, nalgúns casos coa presenza dos/as avós e/ou avoas na mesma residencia familiar, se ben se rexistrou nos últimos anos un aumento dos casos de familias monoparentais.

En xeral, é destacable a alta e activa participación das familias no proceso educativo, quedando patente este interese nas xuntanzas ás que son convocados, a colaboración nas actividades e a asistencia as festas e as excursións que organiza o centro.

Este proxecto dixital será incorporado ao Proxecto Educativo do Centro a partir do curso 2022/23 e tamén será incorporado á Programación Xeral Anual do mesmo curso.

1.3- Breve xustificación do mesmo

1.MARCO LEXISLATIVO DO PDC

A LOE establece

Artigo 111 bis Tecnoloxías da Información e comunicación.

* 1. As condicións nas que se debe desenvolver a xestión dos datos académicos do alumnado de xeito que se cumplan os protocolos de protección de datos e se empreguen formatos que garantan a interoperabilidade entre os diferentes sistemas empregados no sistema educativo estatal.

* Faise referencia aos contornos virtuais de aprendizaxe, as características destes e ao seu emprego dentro da vida académica.

* Faise fincapé na necesidade de que as diferentes administracións educativas promovan o emprego das tecnoloxías da información e a Comunicación como método axeitado e valioso para levar a cabo tarefas de ensino e aprendizaxe procurando a eliminación de condutas de risco.

* As administracións educativas revisarán os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado de xeito que se facilite a implantación dunha cultura dixital nas aulas.

* As administracións educativas velarán polo acceso de todo o estudiantado aos recursos dixitais precisos que garantan a igualdade de oportunidades entre todos os escolares.

Artigo 121 O proxecto educativo de Centro

O proxecto educativo de centro recollerá asimesmo a estratexia dixital do centro de acordo co establecido no artigo 111bis.5.

Artigo 132 competencias da dirección dos centros

Inclúe dentro das competencias das persoas directoras promover a innovación e experimentación con novos métodos de ensino encamiñados a acadar os obxectivos propostos no PEC.

Resolución do 17 de xuño de 2021

Pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22

Disposición adicional quinta. Plan dixital de centro

Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Resolución do 18 de xuño de 2021

Pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021/22.

Disposición adicional terceira. Plan dixital de centro

Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Resolución do 3 de setembro de 2021

Esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia, así como definir os principios, obxectivos e referentes que o deben guiar.

Defínense o proceso de redacción, a temporalización, o sistema de coordinación e determínanse os recursos que se van empregar neste proceso.

2.INTRODUCCIÓN DA Resolución do 3 de setembro de 2021

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as

tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021- 2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

1.4- Proceso de elaboración

O comenzo do curso 2021-22 formamos o Equipo de Dinamización do Plan Dixital. En coordinación co CAFI organizamos un grupo de traballo de 20 horas para a elaboración do Plan Dixital de centro . O grupo está formado por catro mestras do segundo ciclo de Educación Infantil. Contamos co asesoramento da coordinadora do Cafi e tamén coa colaboración e asesoramento da mentora (Angela Novo) coa que nos reunimos en diversas ocasións para levar a cabo o proceso de elaboración do Plan.

COMPONENTES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DO PLAN DIXITAL:

Coordinadora do grupo:

- Mar Allegue Pazos

Membros do Equipo:

- Rita Iglesias Pampín
- Irene Plaza Sixto
- Patricia Louzao Barreiro

Ao longo de todo o curso analizamos as fases:

I- ANÁLISE E DIAGNOSE DA SITUACIÓN DO CPR RAIOLA:

1. Presentación e contacto do centro.
2. Comezo do Selfie e preguntas personalizadas.
3. Informe de resultados do SELFIE.
4. Informe grupal do test CDD.
5. Informe DAFO.

II- DESEÑO E ELABORACIÓN DO PLAN DIXITAL

- 1- Obxectivos do Plan de Acción.
- 2- Plan Dixital.

2.- SITUACIÓN DE PARTIDA

2.1- Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

2.1.1- Infraestrutura dixital do centro

- FIBRA 600 MG punto de acceso en secretaria.
- Un repitidor wiffi na planta baixa.

2.1.2- Equipamento dispoñible

- **Secretaría.**
 - 1 ordenador de sobremesa (CPU) para traballo administrativo .
 - 1 portátil .
 - Unha fotocopiadora, escaner en renting .Non en rede.
- **Na sala usos múltiples-biblioteca.**
 - Pantalla dixital con conexión a internet.
 - Mesa dixital por wifi.
- **Aulas.**
 - 3 ordenadores (1 por aula).
 - 3 tablet GALAXY TAB A samsung (1 por aula).

2.1.3- Servizos dixitais educativos:

Como centro concertado de Educación Infantil a Xunta de Galicia non nos ofrece a posibilidade de acceder a servizos dixitais educativos como páxina web corporativa, Aula Virtual, e outros servizos.

Contamos con Páxina web propia www.raiolaescolainfantil.gal

O centro non ten aula virtual.

A comunicación coas familias realizase a través da aplicación Tok app School, a través das RRSS e correo electrónico.

2.1.4- Xestión do mantemento do equipamento do centro.

O centro non dispón de mantemento de equipos.

2.2- Fontes empregadas para a análise DAFO

No noso centro, para dar resposta as diferentes áreas, só se contemplan as respostas dos grupos Equipo directivo e Profesorado; ao ser unha escola infantil o noso alumnado non ten competencias para dar resposta as preguntas que se formulaban no SELFIE.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo	1.8				
	Profesorado	2.6				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo	2.3				
	Profesorado	2.4				
	Alumnado					
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo	2.4				
	Profesorado	2.2				
	Alumnado					
D- Desenvolvemento	Equipo	2.3				
	Profesorado	2.4				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo	2.5				
	Profesorado	2.7				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na	Equipo	1				
	Profesorado	2				
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo	2				
	Profesorado	1.5				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do	Equipo					
	Profesorado					
	Alumnado					

2.6- Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>4</u>	<u>5</u>	<u>80%</u>
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>44</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	
A2	<u>3</u>	
B1		
B2		
C1		
C2		
TOTAL	<u>4</u>	<u>100,00%</u>

2.3.-Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		* Carenza de dispositivos dixitais para a ensinanza. * Acceso a Internet moi limitado.
	PERSOAL DOCENTE	* Debate sobre o uso da tecnoloxía. * Comunicación coa comunidade educativa a través de E-mail, Whatsapp, TokappSchool, páxina Web e Facebook. * Predisposición por parte do profesorado a colaborar na mellora da calidade da ensinanza do centro.	
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		

	FAMILIAS		
	OFERTA	* Apoio do Equipo Directivo á hora de probar novas vías na educación.	* Falta de tempo para explorar a ensinanza dixital así como a elaboración de recursos dixitais. * Nivel de competencia dixital do profesorado A2 (Exploradoras)
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		* Asistencia Técnica insuficiente. A Administración non nos facilita recursos para costear asistencia técnica para os dispositivos cos que traballamos.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	* Necesidades de DPC (desarrollo profesional continuo) para poder afianzarnos no entorno dixital adaptado para o nivel educativo do centro.	* Biblioteca, repositorios en liña. Temos pantalla dixital na biblioteca pero con escasos recursos dixitais nela para poder traballar co noso alumnado.
	LEXISLACIÓN	* Protección de datos.	

	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

3.- PLAN DE ACCIÓN

3.1- Obxectivos, indicadores e accións

Táboa 1: Plan de acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora":				
OBXECTIVO 1 (1):	Dixitalizar o centre mediante unha rede interna e un servidor no centro			
RESPONSABLE:	Equipo docente			
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Servidor e Rede			
Valor de partida (3)	0 Recursos/ 2 recursos (servidor e Rede)			
Valor previsto e data (4)	Conseguir o obxectivo, servidor e Rede			Xuñ
ACCIÓNS A DESENVOLVER				
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO VALOR (9)
AO1.1: Buscar asesoramento técnico	Equipo docente	1º trimestre curso 2022/23	Teléfono Mail Redes Sociais	
AO1.2:	Equipo docente	1º trimestre curso 2022/23	Tempo Teléfono	
AO1.3:	Equipo docente	1º trimestre curso 2022/23	Teléfono Mail Tempo	

Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Infraestructuras e Equipos				
1. OBXECTIVO (2):	Determinar tipo de dispositivos que precisamos para a mellora do proceso de ensino			
RESPONSABLE:	Equipo docente			
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Lista de material concreto			
Valor de partida (3)	Inventario que hai no centro 0%			
Valor previsto e data (4)	Lista de dispositivos necesarios.			Xuñ
ACCIÓNS A DESENVOLVER				
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEG
				VAL (9)
AO1.1:Realización do inventario	Equipo docente	2º trimestre 2022/23	Tempo Papel	
AO1.2:Elaboración da lista de Dispositivos	Equipo docente	Xuño 2023	Tempo Papel	
A01.3:				

3.2- Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

* Necesidade de mellorar a conectividade nas distintas dependencias e aulas da escola.Neste momento, a wifi está a dar problemas de conexión nas aulas.

* Dixitalización do cpr.raiola:

1. Montar un servidor ou unha NAS en función do presuposto.

2. Crear unha intranet.

Imos ver en detalle cada parte do plan

1. Montar un servidor:

A primeira fase de esta dixitalización será a montaxe dun servidor que terá dúas funcións. Por un lado servirá de almacenamento de toda a parte administrativa do alumnado, e por outro lado aloxará os recursos educativos usados polas mestras no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Este servidor será un ordenador coa capacidade necesaria para almacenar todos estes datos, que teña un disco duro espello onde se graven os cambios que se realicen na unidade de almacenamento primaria.

Esta unidade de almacenamento primaria terá **dous arquivos** principais:

1.- un chamado administración : solo se terá acceso dende o ordenador dedicado a labores administrativas e constará das carpetas necesarias que para ese fin se determinaran.

Estará conectado a fotocopiadora

2.- Un chamado recursos: nesta parte gardaranse os recursos usados polas profesoras nas súas clases, polo que acceso tanto de lectura como de escritura será posible dende os dispositivos presentes en cada unha das aulas dos centro (e dende outros que se consideren). Tamén estará conectado a fotocopiadora do centro. Todo o profesorado terá permiso para escritura/lectura das carpetas)

2. Crear a intranet:

Crear unha rede interna para acceder ao servidor e a fotocopiadora.

• Segunda fase:

1.- Instalar unha aula virtual baseada en moodle (ou algún software similar) no servidor do centro.

2.- Dar de alta ao profesorado na aula moodle

3.- Crear dentro de esa aula cursos para a clase de tres anos, catro e cinco, así como un curso de inglés .

4.- Ir ordenando e temporalizando os recursos dentro de cada curso para ir tendo unha programación de actividades dentro de cada curso.

5.- Dar de alta ás nais/pais do alumnado (se interesa)

* EQUIPAMENTO NECESARIO.

- Repetidores wifi
- Un servidor ou Nas.
- 3 ordenadores para as aulas .
- 3 pantallas grandes para as aulas.

4- AVALIACIÓN DO PLAN

Este Plan será avaliado cada trimestre introduciendo as modificacións que sexan necesarias en función dos recursos humanos e materiais.

Para realizar a avaliación final, cada ano na memoria de fin de curso farase unha avaliación do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5.- DIFUSIÓN DO PLAN

Este Plan será presentado para a súa aprobación ao Claustro e ao Consello Escolar, así como a Xunta Directiva do Centro Escolar.

Unha vez aprobado será comunicado a toda a comunidade educativa a través dos medios de comunicación dos que dispón a escola, no tablón de anuncios do mesmo centro e na páxina web da escola.